

UNHA HISTORIA VERDADEIRA

817

David Lynch, 1999

ESTREA EN NUMAX: 26.01.2025 | V.O.S.E. | +16 | 119 min

Baseada nun feito real ocorrido en 1994, 'Unha historia verdadeira' preséntanos a Alvin Straight (Richard Farnsworth), un home de 73 anos que tras enviuar vive coa súa filla Rose (Sissy Spacek), unha moza discapacitada. O seu estado de saúde non é moi bo: ten problemas de visión, non pode andar ben por culpa da cadeira, sofre un enfisema e ultimamente está sufrindo desmaios estraños.

«Vai directa ao corazón. Farnsworth fai a actuación da súa vida»

Desson Thomson, THE WASHINGTON POST



Eloxio da bondade

Por Jerónimo José Martín

Bastantes directores de cinema –e outros creadores– sosteñen que posúe maior potencialidade artística a maldade que a bondade, a sordidez que a normalidade, o extraordinario que o cotián, a complexidade que a sinxeleza, a sombra que a luz. David Lynch (*Cabeza borradora*, *O home elefante*, *Veludo azul*, *Corazón salvaxe*, *Twin Peaks*, *Estrada perdida*) parecía un dos principais abandeirados desa tese. Con todo, n' *Unha historia verdadeira* –candidata ao Óscar 1999 ao mellor actor (Richard Farnsworth)– dá un inesperado xiro cara á inocencia, e logra quizá a súa mellor película a través dunha historia cotiá, sinxela e chea de bondade, que fai honra ao adxectivo verdadeira do seu título.

A trama é real e, polos seus valores humanos, ben podería ser publicada no Reader's Digest; aínda que foi The New York Times quen a deu a coñecer en 1994. O seu protagonista é Alvin Straight, un silencioso agricultor, cuxos 74 anos lle ensinaron a “separar o gran da palla, e a deixar que as cousas pequenas as leve o vento”. Vive en Iowa coa súa filla Rose, unha muller madura, agarimosa e tateza, que oculta un doloroso pasado: hai anos perdeu a custodia dos seus fillos tras un incendio doméstico.

Un día, Alvin recibe a noticia de que sufriu un infarto grave o seu irmán Lyle, co que non se fala desde hai dez anos. “Ira, vaidade e alcol. Unha historia tan vella como a Biblia. Caín e Abel”, reconece Alvin, compunxido. Decide reconciliarse antes de que morra algún dos dous. Como xa non lle permiten ter carné de conducir, Alvin cubrirá a lombos do seu pequeno cortacésped, a razón de 10 km/hora, os 560 quilómetros que o separan da vila de Wisconsin onde vive o seu irmán. Ao longo do seu singular periplo poderá facer partícipes da súa capacidade de comprensión e da súa crecente paz interior a todo tipo de persoas: unha moza embarazada que fuxiu da súa casa, unha muller traumada porque atropelou a 13 cervos nunha semana, unha familia de granxeiros que o axudan a reparar o seu costacésped, un sacerdote católico que bendí o seu esforzo pouco antes de culminalo...

O excelente guión segue a odisea de Alvin cunha sensibilidade abraiante, desvelando a súa rica personalidade en cada mouta da súa viaxe redentora. Pola súa banda, Lynch logra unha portentosa dirección de actores, cuxos rostros enchen de maxia unha posta en escena serenísima, decididamente contemplativa, e infestada de sutís achados visuais, sempre plenos de poesía e sentido dramático. A fotografía do mestre Freddie Francis e a preciosa partitura de Angelo Badalamenti redondean este esperanzado eloxio da bondade, maxistral western con formato de road-movie, no que Lynch mostra a arrebatadora mirada dos grandes buscadores do cinema, de Dreyer a Kurosawa, pasando por Mizoguchi ou John Ford.

Como xa sinalou algún crítico, esta película confirma a verdade daquela idea de Borges: “Un gran poeta é menos un inventor que un iluminador”. E esta vez, Lynch logrou moita luz.